# REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 15.06.2017 Hora: 16:00

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de xuño de 2017, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia en Comisión**

Do Director xeral de Saúde Pública para informar dos resultados do Programa de cribado de cancro de colon (doc. núm. 7536).

*Publicación da iniciativa, BOPG núm. 100, do 19.04.2017*

**Punto 2. Preguntas orais en Comisión**

2.1 7543 (10/POC-001306)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do Programa Galeuropa, e a previsión de continuidade neste ano

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017*

2.2 9033 (10/POC-001575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os datos referidos ás obras de reforma levadas a cabo polo Goberno galego no centro de menores de Montealegre, en Ourense, desde o seu peche no ano 2012, a data prevista para a súa reapertura e o perfil dos menores que vai atender, así como a posibilidade de garantía do carácter público dos servizos que vai prestar e da súa atención por empregados públicos

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017*

2.3 9346 (10/POC-001619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, as razóns do incumprimento polo Sergas dos compromisos asinados co concello nos anos 2011 e 2015 ao respecto, así como as melloras sanitarias que vai levar a cabo nese termo municipal

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017*

2.4 9577 (10/POC-001653)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social para non emitir informe favorable sobre a cobertura, mediante adscrición temporal, de postos de traballo no Imelga por persoal desa consellaría que cumpre os requisitos exixidos, a aplicación polas súas xefaturas territoriais de diferentes criterios na materia e a opinión do Goberno galego, así como as previsións ao respecto
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

# COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

**Mesa**

Presidenta

| | |
|---|---|
| Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez | P |

Vicepresidente

| | |
|---|---|
| Miguel Ángel Tellado Filgueira | P |

Secretaria

| | |
|---|---|
| María Montserrat Prado Cores | BNG |

**Vogais**

| | |
|---|---|
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| Noela Blanco Rodríguez | S |
| María Ángeles García Míguez | P |
| Aurelio Alfonso Núñez Centeno | P |
| Marta Rodríguez Arias | P |
| María Soraya Salorio Porral | P |
| Eva Solla Fernández | EM |
| Julio Torrado Quintela | S |
| Paula Vázquez Verao | EM |

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 15.06.2017 Hora: 16:00**

**Orde do día**

1. Comparecencia en Comisión
   Director xeral de Saúde Pública para informar dos resultados do Programa de cribado de cancro de colon (doc. núm. 7536).
   Publicación da iniciativa, BOPG núm. 100, do 19.04.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
04 ABR. 2017
Num. 7536

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 ABR. 2017
SAÍDA
Num. 484

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia –a petición propia- ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do director xeral de Saúde Pública informar **"dos resultados do programa de cribado de cancro de colon".**

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 15.06.2017 Hora: 16:00**

**Orde do día**

2. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**
**Día: 15.06.2017 Hora: 16:00**
**Orde do día**

2.1 7543(10/POC-001306)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do Programa Galeuropa, e a previsión de continuidade neste ano

*Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 10:44
Nº Rexistro: 7543
Data envio: 04/04/2017 10:44:06.308

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Sandra Vázquez Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarnación Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral** e **Miguel Ángel Tellado Filgueira,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Consellería de Política Social, e máis concretamente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado segue apostar polos máis novos.

No ano 2012 o Goberno Galego impulsa un novo programa destinado á mocidade menor de 25 anos. Este programa Galeuropa, pretende reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais, e así mellorar a súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional e en idiomas estranxeiros.

Co programa Galeuropa, Galicia foi no ano 2015 a primeira comunidade autónoma española que se incorporou ao traballo en rede de entidades de dez países europeos, como Reino Unido, Italia, Portugal.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas Comisión.

1. Cal é a valoración por parte do Goberno Galego do Programa Galeuropa?

2. Tense previsto neste ano a posta en marcha do Programa Galeuropa?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2017 10:44
Nº Rexistro: 7543
Data envio: 04/04/2017 10:44:06.308

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 04/04/2017 10:40:04**

**Marta Rodriguez Arias na data 04/04/2017 10:40:14**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/04/2017 10:40:21**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 04/04/2017 10:40:27**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 04/04/2017 10:40:33**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/04/2017 10:40:39**

**María Soraya Salorio Porral na data 04/04/2017 10:40:48**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/04/2017 10:40:54**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**
**Día: 15.06.2017 Hora: 16:00**
**Orde do día**

2.2 9033(10/POC-001575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre os datos referidos ás obras de reforma levadas a cabo polo Goberno galego no centro de menores de Montealegre, en Ourense, desde o seu peche no ano 2012, a data prevista para a súa reapertura e o perfil dos menores que vai atender, así como a posibilidade de garantía do carácter público dos servizos que vai prestar e da súa atención por empregados públicos

*Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 13:15
Nº Rexistro: 9033
Data envio: 12/05/2017 13:15:35.560

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

En abril de 2012 a Xunta de Galicia pechou o centro de menores Montealegre, situado en Ourense, que acollía a mozos e mozas a partir de 14 anos con importantes problemas de conduta, para segundo afirmou a daquelas Consellería de Traballo e Política Social, realizar obras debido a que as instalacións tiñan importantes deficiencias e carencias.

Naquel momento, tanto os traballadores e traballadoras dos centros, os equipos técnicos de menores, a Fiscalía de Menores, a Policía autonómica, e mesmo o Valedor do Pobo, manifestaron que se consideraba un grave erro esta decisión, debido á necesidade deste recurso como resposta ás necesidades específicas destes e destas menores.

O peche do centro de menores de Montealegre obrigou a que moitos destes e destas adolescentes acabaran no de protección ordinaria da Carballeira, mesturando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudicou a todos os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles, co problema engadido de que ao tratarse dun centro de réxime aberto, as saídas de menores conflitivos e con trastornos de conduta son habituais.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que reformas levou a cabo a Xunta de Galicia no centro de menores de Montealegre, situado en Ourense, dende o seu peche no ano 2012?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 13:15
Nº Rexistro: 9033
Data envio: 12/05/2017 13:15:35.560

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2. Recepcionou o Goberno galego as obras do centro de menores de Montealegre, situado en Ourense?
3. En caso afirmativo, en que data se recepcionaron estas obras?
4. Cal foi o importe total da inversión económica da Xunta de Galicia nas reformas levadas a cabo neste centro de menores?
5. Cando ten previsto a Xunta de Galicia que estea de novo operativo o centro de menores de Montealegre, situado en Ourense?
6. A que perfil de menores dará servizo este centro de menores cando se proceda a súa reapertura?
7. Pode garantir o Goberno galego que cando se reabra o centro de menores de Montealegre, todos os servizos que se vaian a prestar sexan públicos, e estea atendido por empregados e empregadas públicos?

Pazo do Parlamento, 10 de maio de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Juan Manuel Díaz Villoslada
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 12/05/2017 12:56:09**

**Raúl Fernández Fernández na data 12/05/2017 12:56:15**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/05/2017 12:56:21**

**Julio Torrado Quintela na data 12/05/2017 12:56:28**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**
**Día: 15.06.2017 Hora: 16:00**
**Orde do día**

2.3 9346(10/POC-001619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para a construción do Centro de Alta Resolución de Lalín, as razóns do incumprimento polo Sergas dos compromisos asinados co concello nos anos 2011 e 2015 ao respecto, así como as melloras sanitarias que vai levar a cabo nese termo municipal

*Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9346
Data envio: 22/05/2017 11:37:20.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 31 de xaneiro de 2011 o Concello de Lalín asinou co Servizo Galego de Saúde (SERGAS) un convenio para a construción en Lalín dun Centro de Alta Resolución (CAR), Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada (PAC).

Nese acordo establecíase a obriga por parte do concello de Lalín de poñer a disposición da Xunta de Galiza os terreos necesarios, e a obriga de SERGAS de levar a cabo a construción dos referidos centos no marco do Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias 2010-2013. Ademais, establecíase a creación dunha comisión de seguimento que nunca chegou a constituírse.

En cumprimento do citado convenio, o concello de Lalín tramitou a adquisición dos terreos que finalmente tiveron un custo de 355.874,25 euros.

O 24 de febreiro de 2015, cando faltaban tres meses para as eleccións municipais, o concello de Lalín asinaba un novo documento denominado “Protocolo de colaboración” co obxectivo de poñer as bases para o estudo de viabilidade dun CAR en Lalín. Neste documento xa non se incluíu o novo centro de saúde e o novo PAC.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9346
Data envio: 22/05/2017 11:37:20.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este protocolo establecía unha programación e a creación dun grupo de traballo que nunca foi constituído a pesar de que o actual goberno de Lalín solicitouno vía mocións e mediante entrevista co conselleiro de sanidade.

Hai aproximadamente un ano o alcalde de Lalín e o concelleiro de saúde reuníronse co conselleiro de Sanidade, quen lles transmitiu avances para a definición do CAR e comprometeuse a manter unha nova xuntanza no prazo de dous meses para trasladar os resultados dos estudos da consellaría.

Ao mesmo tempo, membros do grupo municipal do PP de Lalín reuníanse co conselleiro e anunciaban a inminente redacción dun estudo de viabilidade do CAR, melloras no servizo de Pediatría, a posta en marcha de Hemodiálese e HADO, anuncios que nunca chegaron a materializarse.

En lugar de poñer en marcha estas anunciadas melloras, a realidade é que a consellaría de sanidade da Xunta de Galiza está a reducir as prestacións e o persoal sanitario coa amortización de prazas de médicos e enfermeiros/as e a redución do número de especialistas. E malia o desembolso realizado polo concello para a adquisición dos terreos, segue sen dar pasos adiante no tantas veces comprometido CAR.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

Que previsións de prazos ten o goberno galego a respecto da construción en Lalín dun Centro de Alta Resolución?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9346
Data envio: 22/05/2017 11:37:20.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que o SERGAS incumpriu os compromisos asinados co concello de Lalín en 2011 e 2015 a respecto do Centro de Alta Resolución, Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada?

Que melloras sanitarias prevé realizar o goberno galego no concello de Lalín?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2017 11:32:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2017 11:32:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2017 11:32:30**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 11:37
Nº Rexistro: 9346
Data envio: 22/05/2017 11:37:20.048

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2017 11:32:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2017 11:32:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2017 11:32:41**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**
**Día: 15.06.2017 Hora: 16:00**
**Orde do día**

2.4 9577(10/POC-001653)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social para non emitir informe favorable sobre a cobertura, mediante adscrición temporal, de postos de traballo no Imelga por persoal desa consellaría que cumpre os requisitos exixidos, a aplicación polas súas xefaturas territoriais de diferentes criterios na materia e a opinión do Goberno galego, así como as previsións ao respecto

*Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 12:42
Nº Rexistro: 9577
Data envio: 29/05/2017 12:42:05.394

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de EN MAREA, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.**

No DOG do 31 de marzo de 2017 publicouse unha modificación da RPT de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administración e Xustiza, na que se contemplan novas prazas de persoal técnico para o Instituto de Medicina Legal de Galicia, logo do cal, na web de Función Pública foron ofertadas estas vacantes para ser cubertas mediante adscrición temporal, conforme ao artigo 7º, punto 5-a do Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia,14 postos de traballo neste organismo, 7 deles para a provincia da Coruña: 2 para A Coruña (1 Titulado/a Superior Psicólogo/a e 1 Traballador/a Social), 2 para Ferrol (1 Titulado/a Superior Psicólogo/a e 1 Traballador/a Social) e 3 para Santiago de Compostela (1 Titulado/a Superior Psicólogo/a e 2 Traballador/a Social).

Ao tratarse de prazas que figuran na RPT, deben cubrirse mediante esta fórmula de adscrición temporal con persoal laboral fixo. Entre os distintos traballadores e traballadoras seleccionados para estes postos no IMELGA, por cumprir os requisitos en canto a antigüidade e formación, atópanse traballadores/as da Consellería de Política Social da xefatura territorial da provincia da Coruña. A competencia para autorizar a adscrición é da Dirección Xeral da Función Pública, como sinala o Vº Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia.

A Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social non informou favorablemente para que os seus traballadores, que acadaron a adscrición

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 12:42
Nº Rexistro: 9577
Data envio: 29/05/2017 12:42:05.394



temporal no IMGELGA, a poidan ocupar, alegando que quedarían vacantes na Consellería de Política Social, non sendo a primeira vez que sucede nesta Xefatura Territorial. A diferenza da Coruña, noutras provincias si se produciron procedementos de adscrición a prazas de outras consellerías.

Con esta actuación da Xefatura Territorial da Coruña, a Consellería de Política Social vulnera o dereito a mobilidade e a promoción profesional dos traballadores e traballadoras públicas e o principio de igualdade de todo o persoal público da Xunta.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta as seguintes **Preguntas** para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Por que a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social non informa favorablemente sobre a cobertura temporal de postos de traballo no IMELGA por parte de traballadores públicos da Consellería de Política Social, mediante o procedemento de adscrición, para garantir que se cumpra co estabelecido no Vº Convenio Único para o Persoal Laboral da Xunta de Galicia?

2.ª) Considera o Goberno Galego que a Xefatura da Coruña da Consellería de Política Social vulnera os dereitos laborais de mobilidade e promoción profesional coa súa actuación, ao non informar favorablemente para posibilitar a cobertura temporal de postos de traballo no IMELGA por parte de traballadores públicos da Consellería de Política Social?

- Por que se manteñen criterios diferentes entre as Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social a respecto dos dereitos laborais das traballadoras e traballadores públicos?

- Por que nuns casos se produce mobilidade do persoal entre Consellerías, e non sucede así na Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Política Social?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 12:42
Nº Rexistro: 9577
Data envio: 29/05/2017 12:42:05.394

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Cales son as razóns para que a Xefatura Territorial da Coruña considere que non se poden cubrir as vacantes?

- Cando ten previsto a Consellería de Política Social proceder a emitir informe favorable para a mobilidade do persoal da Xefatura Territorial da Coruña que cumpre os requisitos para cubrir os postos de traballo do IMELGA?

- Considera o Goberno Galego que o persoal do IMELGA é suficiente?

- Como se teñen pensado cubrir, das prazas citadas, as dúas prazas do IMELGA da Coruña se non é con persoal laboral fixo?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 29/05/2017 12:41:12**